

Bases para a convocatoria dun “*Obradoiro monográfico de creación escénica denominado Dramaturxia do espazo actoral*” no Centro Cultural Torrente Ballester e a selección do seu alumnado.

1.- O obradoiro será impartido polo director de teatro Adolfo Simón no Centro Cultural Torrente Ballester. Os destinatarios desta actividade serán alumnos/as maiores de idade que estean interesados nas artes escénicas. Traballarase a performance e as aptitudes actorais como creadoras de universos poéticos e plásticos

2.- Darase formación a un grupo formado, como máximo por **15 persoas**, que presenten a solicitude para participar neste obradoiro, segundo o establecido nestas bases.

O curso terá unha duración de 20 horas co seguinte horario: do luns 5 de xuño ao xoves 8 de xuño das 16.00 ás 21.00 horas no Centro Cultural Torrente Ballester.

3.- As ferramentas propias para desenvolver este obradoiro tenas que aportar cada alumno. O Concello unicamente aportará as instalacións.

4.- As persoas que desexen participar deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello de Ferrol unha solicitude que estará a súa disposición no mesmo rexistro e na páxina web municipal www.ferrol.es (Taboleiro de anuncios) unha vez se abra o prazo de inscrición.

Así mesmo, achegarse coa dita solicitude unha carta de presentación contando **quén es e por qué estás interesado en facer este obradoiro**.

O período de inscrición será de **5 días hábiles** dende a publicación destas Bases na páxina web do Concello. **O criterio de admisión** será mediante a selección da carta de presentación e o interese en participar neste curso que será valorada por unha *comisión de valoración*.

5.- Unha vez elaborada a listaxe de persoas admitidas será publicada e poderá ser consultada na páxina web do Concello www.ferrol.es (Taboleiro de anuncios).

6.- As persoas admitidas disporán dun prazo de **4 días hábiles**, dende a publicación da listaxe anteriormente citada na páxina web do Concello, para o *pago* do prezo de matrícula que ascende á cantidade de 40 € (Ordenanza xeral reguladora do prezo público de actividades culturais do Concello de Ferrol).

7.- A estes efectos, no negociado de Facenda e Patrimonio deste Concello emitirase a correspondente carta de pago con indicación da conta bancaria de titularidade municipal na que deberán realizar o ingreso, e unha vez realizado dito ingreso presentarán o xustificante bancario no negociado de Cultura dentro do prazo anteriormente indicado. Non obstante poderá descargar o impreso para facer o pago na entidade bancaria do seguinte xeito:

www.ferrol.es/sede electrónica/Oficina virtual tributaria/Acceso á oficina virtual tributaria/Trámites sen certificado/Autoliquidacións/Taxas/Municipio:seleccionar FERROL/Concepto a liquidar: seleccionar /Actividades culturais/Curso monográfico.

Se no transcurso do prazo indicado anteriormente, non se tivese presentado o xustificante de ingreso bancario no departamento de Cultura, considerarase que se renuncia á realización deste curso.

8.- A *comisión de valoración* estará integrada por un representante da concellería de Cultura do Concello de Ferrol, o/a responsable da coordinación e desenvolvemento da actividade “Fóra do Mapa” e o responsable da impartición do monográfico.

9.- O Concello de Ferrol, despois do remate do obradoiro, non se fará cargo nin custodiará o material con o que traballe o alumnado.

10.- O alumnado deberá asinar todos os días unha folla de asistencia, para que quede constancia da súa presenza, que achegará o profesorado ao remate das actividades.

Ferrol, 18 de maio de 2017
O concelleiro delegado de Cultura,
Jesús Basterrechea López